DEPUTACIÓN OURENSE

Plan OU 92

inorde

Observatorio Económico Ourensán

XUÑO **2013**

DEPUTACIÓN OURENSE

Plan OU 92

inorde

Observatorio Económico Ourensán

DATOS PROVINCIAIS E COMARCAIS

- Unidades locais.
  Composición sectorial das comarcas ourensás e evolución..... 6
- Evolución das Afiliacións
  Comparativa 2013-2012..... 12
  Comparativa 2013-2007..... 13
- Evolución do paro rexistrado.
  Comparativa 2013-2012..... 23
  Comparativa 2013-2007..... 24
- Sectores industriais na provincia de Ourense..... 38

RESUMO DA INFORMACIÓN POR COMARCAS

- Allariz-Maceda 50
- A Baixa Limia 55
- Carballiño 60
- A Limia 65
- Ourense 70
- O Ribeiro 75
- Terra de Caldelas 80
- Terra de Celanova 85
- Terra de Trives 90
- Valdeorras 95
- Verín 100
- Viana 105

DEPUTACIÓN OURENSE

Plan OU 92

inorde

Observatorio Económico Ourensán

DATOS PROVINCIAIS

Unidades locais

Composición sectorial das comarcas ourensás e evolución

Un aspecto salientable a analizar da actividade produtiva na provincia de Ourense é a distribución das unidades locais entre os distintos sectores produtivos. A composición produtiva de cada comarca permítenos evidenciar se existe unha repartición desigual da actividade económica na provincia. Ademais, dispoñer desta información é moi interesante para os gobernos locais porque permite deseñar políticas económicas acordes ás particularidades produtivas das distintas zonas xeográficas.

Os datos proporcionados polo IGE sobre as unidades locais na provincia de Ourense móstrannos os resultados que detallamos a continuación. No total de Galicia e para o ano 2011 (último ano dispoñible), o 77,1% das unidades locais concéntranse no sector servizos, o 15,6% no sector da construción, mentres que o 7,4% no sector industrial. Se analizamos a evolución experimentada por estas porcentaxes dende que se iniciou a crise no ano 2008, o sector servizos gana peso en detrimento do sector da construción, mentres que o sector industrial presenta porcentaxes moi similares ao longo do período.

No ámbito provincial e para o ano 2011, o sector servizos concentra o 72,8% do total de unidades locais rexistradas na provincia de Ourense (4 puntos menos que no total de Galicia). Por outro lado, os sectores da construción e da industria agrupan o 18% e o 9,2%, respectivamente. En ambos os dous casos, estas porcentaxes son superiores en Ourense que no total de Galicia (2,5 e 2 puntos máis que no total de Galicia, respectivamente). Se comparamos as provincias galegas, todas elas reflicten unha composición sectorial moi similar, conforme á distribución observada na comunidade. Só destacar que a provincia de Ourense ostenta as maiores porcentaxes de representatividade nos sectores da construción e da industria e, por conseguinte, o menor peso no sector servizos. En canto á evolución dende o ano 2008, a provincia de Ourense compórtase de forma parecida á evolución experimentada no total de Galicia.

Se nos centramos no ámbito comarcal, as comarcas ourensás seguen o mesmo patrón que o observado para o total da provincia. A maior representatividade sectorial encóntrase no sector servizos con porcentaxes entre o 62,1% e o 77,7%, a continuación o sector da construción con valores entre o 14,3% e o 30,8%, e finalmente o sector industrial con porcentaxes que se moven entre o 6,8% e o 21,1%. A comarca do Ribeiro rompe con este patrón ao superar en importancia o sector industrial ao sector da construción. De feito, ostenta a maior porcentaxe de representatividade no sector industrial na súa composición

sectorial, cun 21,1%. A construción está moi presente na Baixa Limia, co 30,8%, e o sector servizos ten unha forte presenza nas comarcas de Ourense (77,7%) e Viana (76,4%). En relación á evolución experimentada polas doce comarcas ourensás dende o ano 2008, observamos que é similar á presentada polo conxunto da provincia. En termos xerais, os sectores industrial e da construción perden peso na composición produtiva, mentres que o sector servizos gana importancia.

Se queremos afondar un pouco máis na distribución das unidades locais entre as distintas actividades económicas dentro das comarcas ourensás, temos que sintetizar todos os datos sobre unidades locais nun índice que nos mostre se cada unha delas presenta estruturas económicas diferenciadas. Un dos índices máis utilizados na análise da especialización produtiva é o índice do economista e premio Nobel de economía Krugman (K-ÍNDICE).

A táboa de especialización mostra a clasificación das comarcas ourensás de maior a menor nivel de especialización produtiva segundo a distribución de unidades locais para as tres grandes agrupacións sectoriais: industria, construción e servizos. Acompañando o valor do índice de especialización mostramos o grao de discrepancia da composición produtiva da zona analizada co conxunto formado polo resto de comarcas. Un grao de discrepancia do 100% mostraríanos unha comarca cunha distribución de unidades locais entre agrupacións sectoriais totalmente distinta á do resto da provincia.

En xeral, podemos afirmar que non existe unha grande especialización produtiva nas comarcas ourensás. Os graos de discrepancia encóntranse entre o 1,4% e o 13,1%. Polo tanto, podemos concluír que as distintas composicións sectoriais das comarcas desta provincia presentan un grao de similitude moi alto entre elas. No ano 2011, os territorios máis especializados son A Baixa Limia (13,1%), O Ribeiro (12,4%), Terra de Celanova (11,2%) e Ourense (10,1%). A Baixa Limia e Terra de Celanova destacan ademais por presentar un gran peso no sector da construción (30,8% e 25,5% das súas unidades locais, respectivamente), O Ribeiro por mostrar unha gran porcentaxe de unidades locais no sector industrial (un 21,1%), e a comarca de Ourense por concentrar o 77,7% das súas unidades locais no sector servizos.

En relación á evolución experimentada polos graos de especialización dende o ano 2008 ata o ano 2011, observamos que non existe un aumento destacable no nivel de especialización.

Composición sectorial das comarcas
Unidades Locais do ano 2011



Composición sectorial das comarcas

Número e porcentaxe de Unidades Locais. Anos 2008 a 2011

Sectores	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%
Allariz-Maceda								
TOTAL	1.039	100,0%	1.024	100,0%	1.056	100,0%	1.061	100,0%
Industria, incluida a enerxía	120	11,5%	119	11,6%	120	11,4%	107	10,1%
Construción	276	26,6%	260	25,4%	259	24,5%	264	24,9%
Servizos	643	61,9%	645	63,0%	677	64,1%	690	65,0%
A Baixa Limia								
TOTAL	457	100,0%	453	100,0%	434	100,0%	415	100,0%
Industria, incluida a enerxía	39	8,5%	36	7,9%	35	8,1%	29	7,0%
Construción	140	30,6%	139	30,7%	132	30,4%	128	30,8%
Servizos	278	60,8%	278	61,4%	267	61,5%	258	62,2%
Carballiño								
TOTAL	2.358	100,0%	2.397	100,0%	2.386	100,0%	2.340	100,0%
Industria, incluida a enerxía	255	10,8%	254	10,6%	250	10,5%	246	10,5%
Construción	568	24,1%	566	23,6%	534	22,4%	479	20,5%
Servizos	1.535	65,1%	1.577	65,8%	1.602	67,1%	1.615	69,0%
A Limia								
TOTAL	1.720	100,0%	1.711	100,0%	1.692	100,0%	1.671	100,0%
Industria, incluida a enerxía	171	9,9%	169	9,9%	166	9,8%	164	9,8%
Construción	416	24,2%	423	24,7%	412	24,3%	402	24,1%
Servizos	1.133	65,9%	1.119	65,4%	1.114	65,8%	1.105	66,1%

Sectores	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%
Ourense								
TOTAL	14.201	100,0%	14.125	100,0%	14.310	100,0%	14.150	100,0%
Industria, incluida a enerxía	1.024	7,2%	1.020	7,2%	1.019	7,1%	964	6,8%
Construción	2.402	16,9%	2.337	16,5%	2.309	16,1%	2.189	15,5%
Servizos	10.775	75,9%	10.768	76,2%	10.982	76,7%	10.997	77,7%
O Ribeiro								
TOTAL	1.296	100,0%	1.282	100,0%	1.277	100,0%	1.227	100,0%
Industria, incluida a enerxía	282	21,8%	278	21,7%	265	20,8%	259	21,1%
Construción	246	19,0%	234	18,3%	230	18,0%	203	16,5%
Servizos	768	59,3%	770	60,1%	782	61,2%	765	62,3%
Terra de Caldelas								
TOTAL	233	100,0%	220	100,0%	222	100,0%	220	100,0%
Industria, incluida a enerxía	36	15,5%	36	16,4%	35	15,8%	31	14,1%
Construción	42	18,0%	41	18,6%	37	16,7%	36	16,4%
Servizos	155	66,5%	143	65,0%	150	67,6%	153	69,5%
Terra de Celanova								
TOTAL	1.370	100,0%	1.375	100,0%	1.333	100,0%	1.299	100,0%
Industria, incluida a enerxía	175	12,8%	172	12,5%	170	12,8%	161	12,4%
Construción	374	27,3%	372	27,1%	339	25,4%	331	25,5%
Servizos	821	59,9%	831	60,4%	824	61,8%	807	62,1%

Sectores	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%
Terra de Trives								
TOTAL	313	100,0%	323	100,0%	318	100,0%	315	100,0%
Industria, incluida a enerxía	38	12,1%	39	12,1%	39	12,3%	37	11,7%
Construción	47	15,0%	49	15,2%	46	14,5%	45	14,3%
Servizos	228	72,8%	235	72,8%	233	73,3%	233	74,0%
Valdeorras								
TOTAL	2.459	100,0%	2.452	100,0%	2.423	100,0%	2.361	100,0%
Industria, incluida a enerxía	338	13,7%	329	13,4%	325	13,4%	324	13,7%
Construción	536	21,8%	517	21,1%	486	20,1%	454	19,2%
Servizos	1.585	64,5%	1.606	65,5%	1.612	66,5%	1.583	67,0%
Verín								
TOTAL	1.932	100,0%	1.944	100,0%	1.971	100,0%	1.951	100,0%
Industria, incluida a enerxía	189	9,8%	180	9,3%	173	8,8%	170	8,7%
Construción	347	18,0%	353	18,2%	346	17,6%	336	17,2%
Servizos	1.396	72,3%	1.411	72,6%	1.452	73,7%	1.445	74,1%
Viana								
TOTAL	446	100,0%	442	100,0%	435	100,0%	423	100,0%
Industria, incluida a enerxía	39	8,7%	40	9,0%	37	8,5%	37	8,7%
Construción	75	16,8%	66	14,9%	64	14,7%	63	14,9%
Servizos	332	74,4%	336	76,0%	334	76,8%	323	76,4%
Total provincia de Ourense								
TOTAL	27.824	100,0%	27.748	100,0%	27.857	100,0%	27.433	100,0%
Industria, incluida a enerxía	2.706	9,7%	2.672	9,6%	2.634	9,5%	2.529	9,2%
Construción	5.469	19,7%	5.357	19,3%	5.194	18,6%	4.930	18,0%
Servizos	19.649	70,6%	19.719	71,1%	20.029	71,9%	19.974	72,8%

Sectores	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%
Total provincia de A Coruña								
TOTAL	101.958	100,0%	102.902	100,0%	102.309	100,0%	101.285	100,0%
Industria, incluida a enerxía	7.151	7,0%	7.115	6,9%	7.009	6,9%	6.943	6,9%
Construción	16.920	16,6%	16.893	16,4%	16.008	15,6%	15.405	15,2%
Servizos	77.887	76,4%	78.894	76,7%	79.292	77,5%	78.937	77,9%
Total provincia de Lugo								
TOTAL	30.711	100,0%	30.705	100,0%	30.816	100,0%	30.514	100,0%
Industria, incluida a enerxía	2.500	8,1%	2.454	8,0%	2.450	8,0%	2.399	7,9%
Construción	5.240	17,1%	5.273	17,2%	5.060	16,4%	4.932	16,2%
Servizos	22.971	74,8%	22.978	74,8%	23.306	75,6%	23.183	76,0%
Total provincia de Pontevedra								
TOTAL	82.318	100,0%	82.405	100,0%	82.018	100,0%	81.135	100,0%
Industria, incluida a enerxía	6.261	7,6%	6.197	7,5%	6.077	7,4%	5.843	7,2%
Construción	13.790	16,8%	13.492	16,4%	12.651	15,4%	12.134	15,0%
Servizos	62.267	75,6%	62.716	76,1%	63.290	77,2%	63.158	77,8%
Total Galicia								
TOTAL	242.811	100,0%	243.760	100,0%	243.000	100,0%	240.367	100,0%
Industria, incluida a enerxía	18.618	7,7%	18.438	7,6%	18.170	7,5%	17.714	7,4%
Construción	41.419	17,1%	41.015	16,8%	38.913	16,0%	37.401	15,6%
Servizos	182.774	75,3%	184.307	75,6%	185.917	76,5%	185.252	77,1%

Evolución da especialización produtiva das comarcas
Período 2008-2011

Clasificación 2008			Clasificación 2009		
O Ribeiro	0,252	12,6%	O Ribeiro	0,253	12,6%
Terra de Celanova	0,225	11,2%	Baixa Limia	0,231	11,6%
Baixa Limia	0,223	11,2%	Terra de Celanova	0,224	11,2%
Ourense	0,215	10,7%	Ourense	0,211	10,5%
Allariz-Maceda	0,181	9,1%	Allariz-Maceda	0,168	8,4%
Valdeorras	0,135	6,8%	Terra de Caldelas	0,136	6,8%
Carballiño	0,121	6,0%	Valdeorras	0,122	6,1%
Terra de Caldelas	0,115	5,8%	A Limia	0,121	6,0%
A Limia	0,101	5,1%	Carballiño	0,115	5,8%
Terra de Trives	0,094	4,7%	Viana	0,101	5,0%
Viana	0,078	3,9%	Terra de Trives	0,084	4,2%
Verín	0,036	1,8%	Verín	0,033	1,6%

Clasificación 2010			Clasificación 2011		
Baixa Limia	0,239	12,0%	Baixa Limia	0,261	13,1%
O Ribeiro	0,237	11,8%	O Ribeiro	0,249	12,4%
Terra de Celanova	0,212	10,6%	Terra de Celanova	0,224	11,2%
Ourense	0,199	10,0%	Ourense	0,203	10,1%
Allariz-Maceda	0,162	8,1%	Allariz-Maceda	0,162	8,1%
A Limia	0,129	6,5%	A Limia	0,142	7,1%
Terra de Caldelas	0,127	6,4%	Valdeorras	0,126	6,3%
Valdeorras	0,118	5,9%	Terra de Caldelas	0,098	4,9%
Carballiño	0,104	5,2%	Carballiño	0,083	4,1%
Viana	0,099	5,0%	Terra de Trives	0,075	3,7%
Terra de Trives	0,085	4,2%	Viana	0,072	3,6%
Verín	0,038	1,9%	Verín	0,027	1,4%

Clasificación 2011





Evolución das Afiliacións

Comparativa 2013-2012

A PROVINCIA DE OURENSE SUAVIZA O RITMO DE PÉRDIDA DE AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL

A pérdida de afiliados á Seguridade Social suavizouse na provincia de Ourense en comparación cos datos recollidos no anterior Observatorio Económico. Con estatísticas desagregadas por comarcas e municipios que abranguían ata setembro de 2012, o descenso medio de afliacións acadaba o 3,2%. Nesta segunda entrega, con datos ata marzo de 2013, a pérdida provincial media sitúase no 2,63%.

Ourense salienta como a provincia galega con menor descenso interanual de afiliados. Esa cifra do 2,6% de diminución é moi inferior ao 3,8% medio de Galicia e ao 4,2% do conxunto de España. En Galicia, só Ourense perdeu menos do 3% dos seus afiliados. Na Coruña esa proporción foi do 3,5%, en Lugo do 4,1% e en Pontevedra do 4,5%.

Si na presentación do primeiro Observatorio describíamos a situación como de recrudecemento da crise, ao ter empeorado o mercado laboral da provincia, nesta ocasión cabe salientar unha moderada suavización dos efectos da crise, especialmente nos últimos meses do período de análise.

VIANA FOI A ÚNICA COMARCA QUE LOGROU AUMENTAR O NÚMERO DE AFILIADOS, CUNHA SUBIDA DO 2,6%

A primeira comarca ourensá en presentar taxa interanual positiva no censo de afiliados á Seguridade Social é Viana. Unha das zonas máis beneficiadas polo investimento do Tren de Alta Velocidade, e que xa viña dando síntomas de recuperación nas series de paro rexistrado -especialmente o municipio da Gudiña-, convírtese no único territorio ourensá con aumento interanual nas afiliacións. En marzo de 2013 contabilizaba 1.700 traballadores de alta nos diferentes réximes, 43 máis que un ano antes. Deste xeito, a taxa de variación anual crece nun 2,6%.

No lado oposto, A Baixa Limia foi no último ano a comarca máis castigada pola pérdida de afiliados, ao sufrir un recorte do 7,1%. As outras tres zonas da provincia nas que as afiliacións diminúen a máis ritmo que no conxunto de Galicia e de España son Terra de Celanova, O Ribeiro e Valdeorras, nos tres casos na contorna do 5%.

A comarca de Ourense, que concentra máis da metade dos afiliados da provincia (en concreto o 52,6%), sitúase en posicións intermedias. A súa taxa de variación interanual foi seis décimas porcentuais mellor que a de Galicia.

Pola súa banda, o mal comportamento dos últimos trimestres fai que peligre para Valdeorras a súa condición de segunda comarca que xera máis afiliacións na provincia de Ourense. Antes da crise (ano 2007) sumaba 350 traballadores de alta máis que Carballiño, mentres que na actualidade cedeu a metade do seu diferencial e xa só conserva unha vantaxe de 184 altas. De

persistir a tendencia actual, Carballiño podería desbancar nun par de anos a Valdeorras como a segunda comarca con máis traballadores exercendo un oficio.

DOCE MUNICIPIOS CONSEGUIRON INCREMENTAR AS AFILIACIÓNS, PERO OITO CEDERON MÁIS DO 10%

Atendendo só á variable das afiliacións, doce municipios da provincia reflicten que a rexeración do mercado de traballo está en marcha. Ao pé do proxecto do AVE, A Gudiña lidera esa estatística, cun aumento interanual do 8,8% nas afiliacións. E vai camiño de recuperar a cifra de altas que tiña antes da crise, xa que só lle separa unha vintena desa marca (a finais de 2007 tiña 442 traballadores cotizando e hoxe suma 422).

Os outros once municipios con subida de afiliados -todos eles con repuntes entre o 0,1% e o 6,5%- son por este orden os seguintes: Vilariño de Conso, Laza, San Cibrao das Viñas, A Mezquita, Esgos, Monterrei, Cartelle, A Teixeira, Baltar, Maceda e Pereiro de Aguiar. Noutros dous casos non houbo variación interanual, ao repetiren os mesmos valores de hai un ano: Parada de Sil e Larouco.

Mentres, o signo negativo ainda perdura na taxa de variación interanual de 78 concellos da provincia. E en sete deles, con descensos a dobre díxito, comprendidos entre o -13,4% de Porqueira e o -10,1% de Punxín.

Todas as cabeceiras de comarca están no amplo listado de municipios que perden traballadores de alta na Seguridade Social. A mellor parada é Allariz, que só cede o 0,2%, seguida de Verín (0,4%), Viana 0,9%) e O Carballiño (1,6%). Entre os motores comarcais con mercado laboral máis dimensionado, o municipio de Ourense perdeu o 3,4% das afiliacións, O Barco o 3,9%, Xinzo de Limia o 1,8%, Ribadavia o 3,3% e Celanova o 5%. Pola súa banda, dous dos municipios con maior ratio de empresas industriais, San Cibrao das Viñas e Pereiro de Aguiar, presentan taxas de variación positivas nas afiliacións á Seguridade Social.

Evolución das afiliacións

Comparativa 2013-2007

OURENSE PERDEU O 13% DAS AFILIACIÓNS (14.500) DESDE O INICIO DA CRISE

A provincia de Ourense conta hoxe cun 13% menos de afiliados á Seguridade Social que antes da crise económica. A finais de 2007 contabilizaba preto de 112.000 afiliacións, fronte ás pouco máis de 97.000 da actualidade.

Deste xeito, polo de agora a crise sáldase cunha baixada case parella en proporción á da provincia galega con mellor comportamento nesta variable, A Coruña, que perdeu un 12,8% de traballadores en alta. Fronte ao comportamento de Lugo, que ten un censo de cotizantes lixeiramente superior ao de Ourense, a evolución resulta positiva, xa que o censo lugués diminuiu no 14,2%. Pola súa banda, Pontevedra perdeu neste período o 19,4% dos seus afiliados.

O rexistro ourensán está case 2,5 puntos por debaixo da media galega (-15,4%) e preto de tres puntos por debaixo da media de España (-15,8%).

A CAÍDA MEDIA DE AFILIADOS NA CRISE OSCILA ENTRE O 11% DE ALLARIZ-MACEDA E O 26% DA BAIXA LIMIA

En comparación coa situación laboral que vivía a provincia antes da chegada de crise, ningunha comarca logra perder menos do 10% das afiliacións á Seguridade Social. Os rexistros menos inquietantes son o de Allariz-Maceda (-11,4%) e o de Ourense (-11,6%), comarca que pola súa alta ponderación sobre o total de afiliados permite conter a caída media da provincia.

Desde finais de 2007, catro comarcas perderon máis da quinta parte dos traballadores en alta: A Baixa Limia (-25,8%), O Ribeiro (-21,6%), Terra de Celanova (-20,9%) e Terra de Caldelas (-20,2%). A segunda área con maior número de afiliados, Valdeorras, ofrece a quinta peor marca, cun descenso do 17,4%.

Despois de Allariz-Maceda e Ourense, os mellores rexistros corresponden ás dúas comarcas que veñen mostrando maiores signos de recuperación no último ano: Viana (-12%) e Verín (-12,1%). O despregamento dunha infraestrutura da dimensión do AVE e o feito de ocupar unha posición xeográfica central no espazo transfronteirizo achegan, en cada caso, sinais de moderado dinamismo nos mercados de traballo locais.

CATRO CONCELLOS OURENSÁNS TEÑEN HOXE MÁIS AFILIADOS QUE ANTES DA RECESIÓN

Ao desagregar as estatísticas ata o nivel municipal, a boa nova é que catro concellos ourensáns suman hoxe máis afiliados que antes da crise. Pero as malas novas son moitas. A primeira ven dada porque o motivo real dese auxe non se debe a factores de crecemento económico ou empresarial, senón a criterios demográficos.

De feito, os catro municipios nos que medraron as afiliacións á Seguridade Social son os que absorberon máis poboación procedente da capital. Así, o censo de traballadores en alta só creceu en Barbadás (8,3%), San Cibrao das Viñas (4,4%), Pereiro de Aguiar (3,2%) e en moita menor proporción en Allariz (0,2%). Entre os seguintes concellos do ranking, O Carballiño (-9,2%) e Xinzo de Limia (-6,7%) tamén presentan unha boa posición por factores de crecemento poboacional, mentres que A Gudiña (-4,5%) e Verín (-6,7%) incorporan ademais compoñentes ligados á actividade empresarial.

Os demais municipios da provincia perderon máis do 10% das afiliacións desde finais de 2007. Os peor parados -con Calvos de Randín (-37,5%), Carballeda de Valdeorras (-35,9%) e Melón (-35,8%) á cabeza- son dez concellos onde a caída superou o 30%.

Entre as cabeceiras de comarca, só Allariz presenta saldo positivo. No municipio de Ourense a baixada achégase ao 13%, a mesma proporción que presenta O Barco de Valdeorras. As capitais comarcais con peores estatísticas na evolución das afiliacións a cinco anos son Bande (-25,1%), Castro Caldelas (-21,5%), Ribadavia (-16,8%), Celanova (-15,9%) e Viana do Bolo (-15,1%).

Comarcas ourensás con mellor comportamento das afiliacións

Período 2012-2013	Taxas de variación
Viana	2,60%
Verín	-0,79%
Allariz-Maceda	-2,40%
Terra de Caldelas	-3,06%
Ourense	-3,16%
A Limia	-3,27%

Período 2007-2013	Taxas de variación
Allariz-Maceda	-11,44%
Ourense	-11,60%
Viana	-11,96%
Verín	-12,10%
Terra de Trives	-15,94%
Carballiño	-16,17%

Comarcas ourensás con peor comportamento das afiliacións

Período 2012-2013	Taxas de variación
A Baixa Limia	-7,09%
Terra de Celanova	-5,41%
O Ribeiro	-4,96%
Valdeorras	-4,86%
Terra de Trives	-3,64%
Carballiño	-3,29%

Período 2007-2013	Taxas de variación
A Baixa Limia	-25,76%
O Ribeiro	-21,59%
Terra de Celanova	-20,93%
Terra de Caldelas	-20,22%
Valdeorras	-17,36%
A Limia	-16,34%





Concellos ourensáns con mellor comportamento das afiliacións

Período 2012-2013 (Taxas de variación)

A Gudiña	8,76 %
Vilariño de Conso	6,54 %
Laza	3,48 %
S. Cibrao das Viñas	2,93 %
A Mezquita	2,76 %
Esgos	1,36 %
Monterrei	1,30 %
Cartelle	1,27 %
A Teixeira	1,23 %
Baltar	0,95 %

Período 2007-2013 (Taxas de variación)

Barbadás	8,33 %
S. Cibrao das Viñas	4,39 %
Pereiro de Aguiar	3,17 %
Allariz	0,24 %
A Gudiña	-4,52 %
Verín	-6,09 %
Xinzo de Limia	-6,68 %
O Carballiño	-9,16 %
Laza	-10,00 %
Vil. de Conso	-10,44 %

Concellos ourensáns con peor comportamento das afiliacións

Período 2012-2013 (Taxas de variación)

Porqueira	-13,38 %
Lobeira	-13,16 %
Melón	-12,01 %
Pontedeva	-10,74 %
Padrenda	-10,56 %
Quintela de Leirado	-10,43 %
Punxín	-10,06 %
A Veiga	-9,73 %
Muíños	-9,44 %
Calvos de Randín	-9,38 %

Período 2007-2013 (Taxas de variación)

Calvos de Randín	-37,50 %
Carballeda de Valdeorras	-35,92 %
Melón	-35,78 %
Quintela de Leirado	-34,39 %
Lobeira	-33,67 %
Porqueira	-33,51 %
Punxín	-31,22 %
Gomesende	-30,70 %
Larouco	-30,41 %
Cortegada	-30,15 %

Mapa comparativo da variación das afiliacións por municipios

Período 2012-2013



Mapa comparativo da variación das afiliacións por municipios
Período 2007-2013



Afiliados por comarcas e concellos

Taxa de variación 2007-2012-2013

Concello	Afiliacións			Var. 2012/13	Var. Set. 2007 Dec. 2013
	Mar. 2013	Mar. 2012	Dec. 2007		
Allariz-Maceda					
Allariz	1.639	1.643	1.635	-0,24%	0,24%
Baños de Molgas	382	410	460	-6,83%	-16,96%
Maceda	856	850	1.006	0,71%	-14,91%
Paderne de Allariz	326	338	417	-3,55%	-21,82%
Xunq. de Ambía	413	450	535	-8,22%	-22,80%
X. de Espadañedo	246	266	308	-7,52%	-20,13%
TOTAL	3.862	3.957	4.361	-2,40%	-11,44%
A Baixa Limia					
Bande	392	415	523	-5,54%	-25,05%
Entrimo	275	286	320	-3,85%	-14,06%
Lobeira	132	152	199	-13,16%	-33,67%
Lobios	379	409	530	-7,33%	-28,49%
Muíños	211	233	299	-9,44%	-29,43%
TOTAL	1.389	1.495	1.871	-7,09%	-25,76%
Carballiño					
Beariz	114	119	142	-4,20%	-19,72%
Boborás	508	539	696	-5,75%	-27,01%
O Carballiño	4.225	4.292	4.651	-1,56%	-9,16%
O Irixo	339	341	434	-0,59%	-21,89%
Maside	714	773	962	-7,63%	-25,78%
Piñor	380	405	470	-6,17%	-19,15%
Punxín	152	169	221	-10,06%	-31,22%
San Amaro	280	296	365	-5,41%	-23,29%
S. Cristovo de Cea	686	716	884	-4,19%	-22,40%
TOTAL	7.398	7.650	8.825	-3,29%	-16,17%
A Limia					
Baltar	213	211	291	0,95%	-26,80%
Os Blancos	209	213	289	-1,88%	-27,68%

Concello	Afiliacións			Var. 2012/13	Var. Set. 2007 Dec. 2013
	Mar. 2013	Mar. 2012	Dec. 2007		
Calvos de Randín	145	160	232	-9,38%	-37,50%
Porqueira	123	142	185	-13,38%	-33,51%
Rairiz de Veiga	344	370	463	-7,03%	-25,70%
Sandiás	349	360	446	-3,06%	-21,75%
Sarreaus	227	243	310	-6,58%	-26,77%
Trasmiras	285	305	404	-6,56%	-29,46%
Vilar de Barrio	345	365	422	-5,48%	-18,25%
Vilar de Santos	215	219	287	-1,83%	-25,09%
Xinzo de Limia	3.187	3.245	3.415	-1,79%	-6,68%
TOTAL	5.642	5.833	6.744	-3,27%	-16,34%
Ourense					
Amoeiro	562	576	705	-2,43%	-20,28%
Barbadás	2.977	2.994	2.748	-0,57%	8,33%
Coles	823	884	1.007	-6,90%	-18,27%
Esgos	298	294	338	1,36%	-11,83%
Nog. de Ramuín	515	544	638	-5,33%	-19,28%
Ourense	41.301	42.760	47.414	-3,41%	-12,89%
Pereiro de Aguiar	1.434	1.433	1.390	0,07%	3,17%
Peroxa, A	401	421	517	-4,75%	-22,44%
S. Cibrao das Viñas	1.404	1.364	1.345	2,93%	4,39%
Taboadela	435	480	527	-9,38%	-17,46%
Toén	584	624	731	-6,41%	-20,11%
Vilamarín	453	482	547	-6,02%	-17,18%
TOTAL	51.187	52.856	57.907	-3,16%	-11,60%
O Ribeiro					
Arnoia, A	231	238	314	-2,94%	-26,43%
Avión	233	250	321	-6,80%	-27,41%
Beade	112	116	139	-3,45%	-19,42%
Carballeda de Avia	314	343	416	-8,45%	-24,52%
Castrelo de Miño	381	416	493	-8,41%	-22,72%
Cenlle	299	301	362	-0,66%	-17,40%
Cortegada	278	294	398	-5,44%	-30,15%

Concello	Afiliacións			Var. 2012/13	Var. Set. 2007 Dec. 2013
	Mar. 2013	Mar. 2012	Dec. 2007		
Leiro	438	455	520	-3,74%	-15,77%
Melón	271	308	422	-12,01%	-35,78%
Ribadavia	1.700	1.758	2.044	-3,30%	-16,83%
TOTAL	4.257	4.479	5.429	-4,96%	-21,59%
Terra de Caldelas					
Castro Caldelas	391	413	498	-5,33%	-21,49%
Montederramo	240	244	286	-1,64%	-16,08%
Parada de Sil	80	80	108	0,00%	-25,93%
A Teixeira	82	81	102	1,23%	-19,61%
TOTAL	793	818	994	-3,06%	-20,22%
Terra de Celanova					
A Bola	240	261	310	-8,05%	-22,58%
Cartelle	638	630	803	1,27%	-20,55%
Celanova	1.649	1.735	1.960	-4,96%	-15,87%
Gomesende	149	162	215	-8,02%	-30,70%
A Merca	470	504	596	-6,75%	-21,14%
Padrenda	381	426	501	-10,56%	-23,95%
Pontedeva	133	149	168	-10,74%	-20,83%
Quintela de Leirado	103	115	157	-10,43%	-34,39%
Ramirás	337	353	460	-4,53%	-26,74%
Verea	203	214	272	-5,14%	-25,37%
TOTAL	4.303	4.549	5.442	-5,41%	-20,93%
Terra de Trives					
Chand. de Queixa	149	156	208	-4,49%	-28,37%
Manzaneda	256	264	320	-3,03%	-20,00%
A Pobra de Trives	669	695	749	-3,74%	-10,68%
San Xoán de Río	144	149	172	-3,36%	-16,28%
TOTAL	1.218	1.264	1.449	-3,64%	-15,94%
Valdeorras					
O Barco de Vald.	4.320	4.497	4.973	-3,94%	-13,13%
O Bolo	206	214	250	-3,74%	-17,60%
Carballeda de Vald.	371	409	579	-9,29%	-35,92%

Concello	Afiliacións			Var. 2012/13	Var. Set. 2007 Dec. 2013
	Mar. 2013	Mar. 2012	Dec. 2007		
Larouco	119	119	171	0,00%	-30,41%
Petín	229	242	307	-5,37%	-25,41%
A Rúa	1.351	1.427	1.613	-5,33%	-16,24%
Rubiá	303	321	407	-5,61%	-25,55%
A Veiga	204	226	252	-9,73%	-19,05%
Vilamartín de Vald.	479	514	623	-6,81%	-23,11%
TOTAL	7.582	7.969	9.175	-4,86%	-17,36%
Verín					
Castrelo do Val	185	194	222	-4,64%	-16,67%
Cualedro	319	324	411	-1,54%	-22,38%
Laza	297	287	330	3,48%	-10,00%
Monterrei	547	540	631	1,30%	-13,31%
Oímbra	295	304	412	-2,96%	-28,40%
Riós	390	418	514	-6,70%	-24,12%
Verín	3.781	3.795	4.026	-0,37%	-6,09%
Vilardevós	369	370	488	-0,27%	-24,39%
TOTAL	6.183	6.232	7.034	-0,79%	-12,10%
Viana					
A Gudiña	422	388	442	8,76%	-4,52%
A Mezquita	261	254	301	2,76%	-13,29%
Viana do Bolo	854	862	1.006	-0,93%	-15,11%
Vilariño de Conso	163	153	182	6,54%	-10,44%
TOTAL	1.700	1.657	1.931	2,60%	-11,96%
Total provincia de Ourense	97.236	99.865	111.747	-2,63%	-12,99%
Total provincia de A Coruña	388.178	402.141	445.069	-3,47%	-12,78%
Total provincia de Lugo	114.051	118.970	132.878	-4,13%	-14,17%
Total provincia de Pontevedra	307.891	322.397	382.196	-4,50%	-19,44%
Total Galicia	907.356	943.373	1.071.890	-3,82%	-15,35%
Total España	16.169.814	16.885.759	19.195.755	-4,24%	-15,76%

Comparativa entre taxas interanuais

Comarcas nas que mellora ou empeora a taxa interanual de afiliacións á Seguridade Social desde o anterior Observatorio Económico

Comparativa entre taxas interanuais

Concellos nos que mellora ou empeora a taxa interanual de afiliacións á Seguridade Social desde o anterior Observatorio Económico



Evolución do paro rexistrado

Comparativa 2013-2012

O PARO INTERANUAL MEDRA MENOS DO 1% E OURENSE RECUPERA O STATUS DE MELLOR PROVINCIA GALEGA

O primeiro Observatorio Económico reflectiu a finais de 2012 un dato que non se tiña dado ao longo do quinquenio en crise. En outubro de 2012, Ourense deixaba de ser a provincia galega con menor tasa de crecemento interanual do paro, ao sufrir un aumento do 11,2%, superior ao 10,8% da Coruña e ao 9,8% de Lugo.

Dous trimestres despois, e cos datos de paro correspondentes a maio de 2013, a situación é moi diferente no tocante ao comportamento da taxa de variación interanual. Ourense non só consegue deter a subida do paro rexistrado, xa que limita a subida en 12 meses ao 0,7%, senón que ademais recupera a súa condición de provincia galega con mellor comportamento desta variable. Nas mesmas datas, A Coruña rexistrou un repunte do 2,7%, Pontevedra do 2,9%, Lugo do 3,6%, Galicia do 2,6% e España do 2,5%.

CATRO COMARCAS XA PRESENTAN DIMINUCIÓN DO PARO NO ÚLTIMO ANO

Si a finais de 2012 o paro só baixaba en taxa interanual nunha comarca ourensá, A Baixa Limia, en maio de 2013 son catro as que presentan esta esperanzadora situación. No caso de Viana, o descenso resulta máis que significativo, ao representar máis do 17%. A bolsa de paro tamén se acortou en Terra de Celanova (-4,4%), Verín (-3,4%) e Allariz-Maceda (-1,4%).

A melloría que rexistra a provincia faise manifesta tamén porque nas comarcas onde o paro aumenta, en todas elas faino dun xeito moito máis moderado que hai dous trimestres, cando fora presentado o primeiro Observatorio. Así, por exemplo, Valdeorras pasa dun crecemento interanual do 13,7% ao actual 7,8%; e Ourense baixa do 12,3% ao 1,5%.

Agás na propia comarca de Valdeorras (7,8%), Terra de Caldelas (5,3%) e A Baixa Limia (4,4%), no resto da provincia o paro interanual descende a niveis moito máis asumibles que os de finais de 2012.

A comarca de Ourense concentra o 46,7% da cifra de parados do conxunto da provincia, e o municipio ourensán pondera co 37,8%. A segunda maior bolsa de paro é a de Verín, con 3.131; a terceira a de Carballiño, con 2.730; e a cuarta a de Valdeorras, con 2.592. Altéranse así as posicións en comparación co número de afiliados á Seguridade Social, no que Valdeorras é segunda, Carballiño terceira e Verín cuarta.

A TAXA INTERANUAL DE PARO REXISTRADO BAIXA EN 48 MUNICIPIOS, E EN 18 DELES A DOBRE DÍXITO

Hai seis meses, a taxa interanual de paro baixaba en once dos 92 municipios da provincia. Hoxe faino en 48, é decir, xa son máis os concellos con descenso do paro interanual que os que ainda presentan subidas a doce meses (41 municipios, xa

que Allariz, Piñor e San Xoán de Río repiten número de parados).

Hai que salientar que en 18 concellos, o ritmo de diminución acada o dobre díxito. Ao igual que acontece coas afiliacións, A Gudiña desmárcase do resto da provincia. No último ano conseguiu recortar o paro nun 34%. Outro municipio da comarca de Viana, e igualmente influenciado polas obras do AVE, A Mezquita, presenta o segundo mellor rexistro, cun descenso interanual do 17,3%. Por enriba do 15% de caída tamén se encontran Parada de Sil, A Peroxa, Baltar e A Teixeira.

No outro extremo das estatísticas están os nove concellos nos que o paro medrou no último ano máis do 15%, e particularmente os cinco que mesmo superaron o 20% de aumento: Calvos de Randín (41,5%), Castro Caldelas (29%), Rubiá (25%), Carballeda de Valdeorras (23%) e A Veiga (22%).

Pero aínda así, a situación tamén mellora con respecto ao primeiro Observatorio Económico, xa que hai seis meses había ata seis municipios por enriba do 40% de subida. Eran A Veiga, Rubiá, Vilariño de Conso, A Merca, Parada de Sil e San Amaro, que agora melloran de xeito considerable.

En canto ás cabeceiras comarcais, o paro interanual baixa en seis delas, con Viana do Bolo (-10,4%) e Celanova (-9,2%) á cabeza, e mantense invariable en Allariz. Entre as que tamén reducen paro, Bande faino a un ritmo do 4,1%, Pobra de Trives do 3,8%, Verín do 1,2% e Xinzo de Limia do 0,2%.

Pola súa banda, no municipio de Ourense repunta o 1,6%, en contraste co que acontece no seu cinto industrial, que reflicte caídas do paro en Pereiro de Aguiar (-10,8%) e en San Cibrao das Viñas (-3,9%). En Barbadás, o aumento achégase ao 12%, sen dúbida influenciado polos efectos laborais que está a ter a crise sobre os menores de 35 anos, xa que este concello é o de menor idade media da provincia (40 anos, cando a media provincial é de 49). O tramo de mozos de 20 a 34 anos representa o 19,1% da poboación total de Barbadás, cando a media da provincia nesa tramo de idade está 2,5 puntos por debaixo (16,6% da poboación total de Ourense).

Finalmente, O Carballiño sufriu un incremento interanual de paro do 3,3%, Ribadavia do 4%, O Barco do 6,5% e Castro Caldelas de preto do 30%, si ben é certo que ésta última porcentaxe tradúcese en valores absolutos nunha subida de 23 parados.

Evolución do paro rexistrado
Comparativa 2013-2007

O PARO CRECEU UN 59% EN CINCO ANOS, PERO OURENSE CONTINÚA A SER A PROVINCIA GALEGA MENOS CASTIGADA

Con datos de outubro de 2012, a primeira edición do Observatorio Económico Ourensán sinalaba que nesta provincia o paro tiña medrado nun 44% desde o comenzo da crise, pero que alomenos era a menor subida de Galicia, cun diferencial positivo de máis de vinte puntos porcentuais con Pontevedra e Lugo, e de doce coa provincia da Coruña.

Dous trimestres despois, o crecemento acumulado do paro desde a irrupción da crise presenta un valor máis dimensionado -pola mala evolución nos últimos meses de 2012 e no arranque de 2013-, que se traduce no 58,8% actual. É decir, a taxa acumulada medrou en quince puntos porcentuais entre outubro de 2012 e maio de 2013. No mesmo período, o crecemento en Pontevedra foi de 27 puntos porcentuais, en Lugo de 22 e na Coruña de 20.

Esa taxa a cinco anos do 58,8% mantén a Ourense como a provincia galega menos castigada polo auxe do paro. O valor ourensán mellora de xeito apreciable os crecementos medios de Galicia (81,1%) e España (105,4%).

VALDEORRAS E OURENSE SON AS COMARCAS CON MAIOR CRECEMENTO DO PARO DURANTE A CRISE

As dúas comarcas que lideran o sistema produtivo ourensán, e que xeran o 55% do desemprego da provincia, son tamén nas que máis ten medrado o paro durante a crise económica. En Ourense fíxoo nunha proporción do 74,7% e en Valdeorras do 93,3%. Outras tres zonas con incrementos superiores ao 50% son -neste orden- Carballiño, Allariz-Maceda e Terra de Caldelas.

No lado oposto, Viana é a única comarca que consigue baixar do 20% de aumento, ainda que por estreito marxe. E no tramo comprendido entre o 20 e o 30% aparecen Terra de Celanova, Verín e A Baixa Limia.

Con respecto ao anterior Observatorio Económico, só Viana presenta hoxe unha taxa de paro acumulado menor que a que tiña hai dous trimestres, mentres que Terra de Celanova, Verín e A Limia acusan taxas bastante cercanas á de outubro de 2012. As peores desviacións, superiores aos vinte puntos porcentuais, danse en Valdeorras, Ourense e a Baixa Limia.

TRES CONCELLOS LOGRAN TRANSITAR POLA CRISE ACORTANDO O NÚMERO DE PARADOS

As estatísticas de paro rexistrado correspondentes aos municipios da Gudiña, Vilar de Barrio e Entrimo son excepcionais no conxunto da provincia. Vistas de xeito illado, sin os números dos outros 89 concellos, transmitirían absoluta normalidade en tempos de crise económica e de alteracións nos mercados de traballo.

Eses tres concellos presentan en común o tamaño da súa bolsa de paro (101 persoas en Entrimo, 105 en Vilar de Barrio e 109 na Gudiña). E os tres tamén coinciden en refuxiar as dúas características que identifica o Observatorio Económico nas zonas menos golpeadas pola crise: ou ser un dos puntos neurálxicos das obras do AVE ou ser un lugar transfronteirizo.

Agás na Teixeira, que ten a bolsa de paro máis cativa (17 persoas) e unha única inscripción xa altera os crecementos en porcentaxe, os outros tres núcleos da provincia nos que o paro a cinco anos creceu menos do 10% tamén responden ao modelo AVE ou ao patrón transfronteirizo. Son Laza, cunha lixeira subida do 3,3% desde 2008, Vilardevós co 6,1% e Castrelo do Val co 6,8%.

En senso contrario, seis municipios da provincia acusan taxas de crecemento acumulado superiores ao 100%: Beade, Rubiá, Barbadás, Sandiás, Cenlle e Vilar de Santos.

No concello de Ourense a subida achégase ao 74%, no Barco de Valdeorras supera o 95%, no Carballiño o 81%, en Allariz o 73%, en Xinzo de Limia o 57%, en Castro Caldelas o 54% e en Ribadavia o 45%. As cabeceiras que amosan un relativo control no auxe do paro son Bande (19%), Celanova (22%), Pobra de Trives (27%) e, en menor medida, Verín (34%) e Viana do Bolo (35%).

Nos dous municipios periféricos á cidade de Ourense e ligados ao desenvolvemento industrial, a crise sáldase, desde a variable da evolución do paro rexistrado, con significativas subidas. Do 97% no caso de San Cibrao das Viñas e do 69% no de Pereiro de Aguiar.

Comarcas ourensás con mellor comportamento do paro rexistrado

Período 2012-2013	Taxas de variación
Viana	-17,33 %
Terra de Celanova	-4,40 %
Verín	-3,39 %
Allariz-Maceda	-1,37 %
A Limia	0,37 %
O Ribeiro	0,86 %

Período 2008-2013	Taxas de variación
Viana	19,04 %
Terra de Celanova	21,92 %
Verín	27,69 %
A Baixa Limia	29,02 %
Terra de Trives	41,85 %
O Ribeiro	45,48 %

Comarcas ourensás con peor comportamento do paro rexistrado

Período 2012-2013	Taxas de variación
Valdeorras	7,82 %
Terra de Caldelas	5,29 %
A Baixa Limia	4,39 %
Terra de Trives	2,55 %
Carballiño	2,44 %
Ourense	1,48 %

Período 2008-2013	Taxas de variación
Valdeorras	93,29 %
Ourense	74,74 %
Carballiño	66,67 %
Allariz-Maceda	65,04 %
Terra de Caldelas	53,08 %
A Limia	45,58 %





Concellos ourensáns con mellor comportamento do paro rexistrado

Período 2012-2013 (Taxas de variación)

A Gudiña	-33,94 %
A Mezquita	-17,27 %
Parada de Sil	-16,13 %
Peroxa, A	-15,44 %
Baltar	-15,04 %
A Teixeira	-15,00 %
Beariz	-14,58 %
Os Blancos	-14,53 %
Arnoia, A	-14,29 %
Larouco	-13,64 %

Período 2008-2013 (Taxas de variación)

A Gudiña	-8,40 %
Vilar de Barrio	-5,41 %
Entrimo	-0,98 %
Laza	3,26 %
Vilardevós	6,13 %
A Teixeira	6,25 %
Castrelo do Val	6,80 %
Cartelle	11,80 %
A Mezquita	12,35 %
Padrenda	12,70 %

Concellos ourensáns con peor comportamento do paro rexistrado

Período 2012-2013 (Taxas de variación)

Calvos de Randín	41,46 %
Castro Caldelas	29,11 %
Rubiá	24,76 %
Carballeda de Vald.	23,23 %
A Veiga	22,03 %
Petín	19,79 %
Xunq. de Ambía	19,32 %
Beade	18,42 %
Rairiz de Veiga	18,10 %
Castrelo de Miño	14,89 %

Período 2008-2013 (Taxas de variación)

Beade	125,00 %
Rubiá	122,03 %
Barbadás	116,31 %
Sandiás	113,95 %
Vilar de Santos	100,00 %
Cenlle	100,00 %
Vilamarín	98,31 %
S. Cibrao das Viñas	97,31 %
O Barco de Vald.	95,53 %
Montederramo	92,86 %

Mapa comparativo da variación do paro por municipios
Período 2012-2013



Mapa comparativo da variación do paro por municipios
Período 2008-2013



Parados por comarcas e concellos
Taxa de variación 2008-2012-2013

Concello	Nº parados a 31 de maio			Var. 2012/13	Var. 2008/13
	2013	2012	2008		
Allariz-Maceda					
Allariz	426	426	246	0,00%	73,17%
Baños de Molgas	106	99	59	7,07%	79,66%
Maceda	272	295	165	-7,80%	64,85%
Paderne de Allariz	93	107	57	-13,08%	63,16%
Xunq. de Ambía	105	88	79	19,32%	32,91%
X. de Espadañedo	79	81	49	-2,47%	61,22%
TOTAL	1.081	1.096	655	-1,37%	65,04%
A Baixa Limia					
Bande	141	147	118	-4,08%	19,49%
Entrimo	101	110	102	-8,18%	-0,98%
Lobeira	55	52	39	5,77%	41,03%
Lobios	186	162	141	14,81%	31,91%
Muiños	135	121	79	11,57%	70,89%
TOTAL	618	592	479	4,39%	29,02%
Carballiño					
Beariz	41	48	25	-14,58%	64,00%
Boborás	218	223	146	-2,24%	49,32%
O Carballiño	1.592	1.541	878	3,31%	81,32%
O Irixo	126	117	96	7,69%	31,25%
Maside	314	294	184	6,80%	70,65%
Piñor	102	102	68	0,00%	50,00%
Punxín	74	71	50	4,23%	48,00%
San Amaro	112	113	85	-0,88%	31,76%
S. Cristovo de Cea	151	156	106	-3,21%	42,45%
TOTAL	2.730	2.665	1.638	2,44%	66,67%
A Limia					
Baltar	96	113	85	-15,04%	12,94%
Os Blancos	100	117	86	-14,53%	16,28%
Calvos de Randín	58	41	31	41,46%	87,10%
Porqueira	67	69	45	-2,90%	48,89%
Rairiz de Veiga	137	116	104	18,10%	31,73%
Sandiás	92	96	43	-4,17%	113,95%
Sarreaus	111	99	83	12,12%	33,73%
Trasmiras	154	161	118	-4,35%	30,51%
Vilar de Barrio	105	100	111	5,00%	-5,41%
Vilar de Santos	76	74	38	2,70%	100,00%
Xinzo de Limia	1.192	1.194	759	-0,17%	57,05%
TOTAL	2.188	2.180	1.503	0,37%	45,58%
Ourense					
Amoeiro	156	166	84	-6,02%	85,71%
Barbadás	610	545	282	11,93%	116,31%
Coles	284	257	168	10,51%	69,05%
Esgos	117	115	78	1,74%	50,00%
Nog. de Ramuín	203	196	121	3,57%	67,77%
Ourense	11.707	11.520	6.740	1,62%	73,69%
Pereiro de Aguiar	413	463	245	-10,80%	68,57%
Peroxa, A	126	149	71	-15,44%	77,46%
S. Cibrao das Viñas	367	382	186	-3,93%	97,31%
Taboadela	125	117	94	6,84%	32,98%
Toén	212	206	134	2,91%	58,21%
Vilamarín	117	110	59	6,36%	98,31%
TOTAL	14.437	14.226	8.262	1,48%	74,74%
O Ribeiro					
Arnoia, A	54	63	41	-14,29%	31,71%
Avión	79	90	50	-12,22%	58,00%
Beade	45	38	20	18,42%	125,00%
Carballeda de Avia	160	152	126	5,26%	26,98%
Castrelo de Miño	108	94	75	14,89%	44,00%
Cenlle	84	83	42	1,20%	100,00%
Cortegada	104	109	60	-4,59%	73,33%
Leiro	161	166	107	-3,01%	50,47%
Melón	133	143	118	-6,99%	12,71%

Concello	Nº parados a 31 de maio			Var. 2012/13	Var. 2008/13
	2013	2012	2008		
Ribadavia	601	578	412	3,98%	45,87%
TOTAL	1.529	1.516	1.051	0,86%	45,48%
Terra de Caldelas					
Castro Caldelas	102	79	66	29,11%	54,55%
Montederramo	54	59	28	-8,47%	92,86%
Parada de Sil	26	31	20	-16,13%	30,00%
A Teixeira	17	20	16	-15,00%	6,25%
TOTAL	199	189	130	5,29%	53,08%
Terra de Celanova					
A Bola	96	109	74	-11,93%	29,73%
Cartelle	199	215	178	-7,44%	11,80%
Celanova	523	576	428	-9,20%	22,20%
Gomesende	64	64	56	0,00%	14,29%
A Merca	150	132	100	13,64%	50,00%
Padrenda	213	194	189	9,79%	12,70%
Pontedeva	45	50	39	-10,00%	15,38%
Quintela de Leirado	59	63	43	-6,35%	37,21%
Ramirás	131	137	104	-4,38%	25,96%
Verea	83	95	71	-12,63%	16,90%
TOTAL	1.563	1.635	1.282	-4,40%	21,92%
Terra de Trives					
Chand. de Queixa	34	30	22	13,33%	54,55%
Manzaneda	85	74	47	14,86%	80,85%
A Pobra de Trives	178	185	140	-3,78%	27,14%
San Xoán de Río	25	25	18	0,00%	38,89%
TOTAL	322	314	227	2,55%	41,85%
Valdeorras					
O Barco de Vald.	1.445	1.357	739	6,48%	95,53%
O Bolo	76	78	47	-2,56%	61,70%
Carballeda de Vald.	122	99	64	23,23%	90,63%
Larouco	38	44	22	-13,64%	72,73%
Petín	115	96	60	19,79%	91,67%
A Rúa	437	428	227	2,10%	92,51%

Concello	Nº parados a 31 de maio			Var. 2012/13	Var. 2008/13
	2013	2012	2008		
Rubiá	131	105	59	24,76%	122,03%
A Veiga	72	59	42	22,03%	71,43%
Vilamartín de Vald.	156	138	81	13,04%	92,59%
TOTAL	2.592	2.404	1.341	7,82%	93,29%
Verín					
Castrelo do Val	110	125	103	-12,00%	6,80%
Cualedro	198	216	164	-8,33%	20,73%
Laza	95	94	92	1,06%	3,26%
Monterrei	347	356	300	-2,53%	15,67%
Oímbra	225	237	144	-5,06%	56,25%
Riós	149	162	110	-8,02%	35,45%
Verín	1.782	1.804	1.327	-1,22%	34,29%
Vilardevós	225	247	212	-8,91%	6,13%
TOTAL	3.131	3.241	2.452	-3,39%	27,69%
Viana					
A Gudiña	109	165	119	-33,94%	-8,40%
A Mezquita	91	110	81	-17,27%	12,35%
Viana do Bolo	293	327	217	-10,40%	35,02%
Vilariño de Conso	51	56	40	-8,93%	27,50%
TOTAL	544	658	457	-17,33%	19,04%
Total provincia de Ourense	30.934	30.716	19.477	0,71%	58,82%
Total provincia de A Coruña	112.383	109.414	63.870	2,71%	75,96%
Total provincia de Lugo	28.573	27.591	15.085	3,56%	89,41%
Total provincia de Pontevedra	111.996	108.887	58.347	2,86%	91,95%
Total Galicia	283.886	276.608	156.779	2,63%	81,07%
Total España	4.833.521	4.714.122	2.353.575	2,53%	105,37%

Comparativa entre taxas interanuais

Comarcas nas que mellora ou empeora a taxa interanual de paro desde o anterior Observatorio Económico

Comparativa entre taxas interanuais

Concellos nos que mellora ou empeora a taxa interanual de paro desde o anterior Observatorio Económico



Comparativa entre taxas interanuais

Variación das afiliacións á Seguridade Social e do paro desde o anterior Observatorio Económico

Concellos	Afiliacións á SS.SS. Variación interanual. Marzo 2013	Afiliacións á SS.SS. Variación interanual. Setembro 2012	Diferencia	Paro rexistrado. Variación interanual. Maio 2013	Paro rexistrado. Variación interanual. Outubro 2012	Diferencia
Allariz-Maceda						
Allariz	-0,24%	-0,41%	0,17%	0,00%	8,03%	-8,03%
Baños de Molgas	-6,83%	-4,31%	-2,52%	7,07%	5,13%	1,94%
Maceda	0,71%	-2,02%	2,72%	-7,80%	4,72%	-12,52%
Paderne de Allariz	-3,55%	-5,38%	1,83%	-13,08%	14,61%	-27,69%
Xunq. de Ambía	-8,22%	-6,21%	-2,01%	19,32%	24,36%	-5,04%
X. de Espadañedo	-7,52%	-5,65%	-1,87%	-2,47%	7,04%	-9,51%
TOTAL	-2,40%	-2,62%	0,22%	-1,37%	8,90%	-10,27%
A Baixa Limia						
Bande	-5,54%	-3,04%	-2,51%	-4,08%	3,39%	-7,47%
Entrimo	-3,85%	-7,26%	3,41%	-8,18%	-10,81%	2,63%
Lobeira	-13,16%	-10,49%	-2,66%	5,77%	9,09%	-3,32%
Lobios	-7,33%	-2,51%	-4,83%	14,81%	1,47%	13,34%
Muiños	-9,44%	1,50%	-10,94%	11,57%	-3,70%	15,27%
TOTAL	-7,09%	-3,71%	-3,38%	4,39%	-1,16%	5,55%
Carballiño						
Beariz	-4,20%	-7,50%	3,30%	-14,58%	2,22%	-16,81%
Boborás	-5,75%	-9,35%	3,60%	-2,24%	13,22%	-15,46%
O Carballiño	-1,56%	-2,09%	0,53%	3,31%	15,06%	-11,75%
O Irixo	-0,59%	-4,76%	4,18%	7,69%	0,94%	6,75%
Maside	-7,63%	-4,98%	-2,65%	6,80%	6,37%	0,44%
Piñor	-6,17%	-7,55%	1,37%	0,00%	9,20%	-9,20%
Punxín	-10,06%	-9,78%	-0,28%	4,23%	31,58%	-27,35%
San Amaro	-5,41%	-14,96%	9,55%	-0,88%	40,00%	-40,88%
S. Cristovo de Cea	-4,19%	-5,54%	1,35%	-3,21%	10,77%	-13,97%
TOTAL	-3,29%	-4,44%	1,15%	2,44%	13,80%	-11,36%
A Limia						
Baltar	0,95%	-3,03%	3,98%	-15,04%	1,02%	-16,06%
Os Blancos	-1,88%	-10,70%	8,82%	-14,53%	12,36%	-26,89%

Concellos	Afiliacións á SS.SS. Variación interanual. Marzo 2013	Afiliacións á SS.SS. Variación interanual. Setembro 2012	Diferencia	Paro rexistrado. Variación interanual. Maio 2013	Paro rexistrado. Variación interanual. Outubro 2012	Diferencia
Calvos de Randín	-9,38%	2,47%	-11,84%	41,46%	-4,44%	45,91%
Porqueira	-13,38%	-10,19%	-3,19%	-2,90%	38,00%	-40,90%
Rairiz de Veiga	-7,03%	-2,08%	-4,95%	18,10%	12,82%	5,28%
Sandiás	-3,06%	0,27%	-3,32%	-4,17%	14,81%	-18,98%
Sarreaus	-6,58%	-9,43%	2,85%	12,12%	16,48%	-4,36%
Trasmiras	-6,56%	-6,57%	0,01%	-4,35%	4,64%	-8,98%
Vilar de Barrio	-5,48%	-2,86%	-2,62%	5,00%	-3,80%	8,80%
Vilar de Santos	-1,83%	-1,25%	-0,58%	2,70%	17,86%	-15,15%
Xinzo de Limia	-1,79%	-1,17%	-0,62%	-0,17%	9,09%	-9,26%
TOTAL	-3,27%	-2,48%	-0,79%	0,37%	9,46%	-9,09%
Ourense						
Amoeiro	-2,43%	-2,98%	0,54%	-6,02%	18,55%	-24,57%
Barbadás	-0,57%	1,16%	-1,73%	11,93%	16,67%	-4,74%
Coles	-6,90%	-4,50%	-2,40%	10,51%	10,04%	0,46%
Esgos	1,36%	-7,69%	9,05%	1,74%	8,25%	-6,51%
Nog. de Ramuín	-5,33%	-7,50%	2,17%	3,57%	15,00%	-11,43%
